

SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 17/06/2024

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

LINO MOURIÑO SANTIAGO

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SONIA OUTÓN CASAL

PAOLA MARIA MOCHALES

DIEGO GARCIA SANTIAGO

CARLOS COIRA LOJO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 17/06/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

SECRETARIO/A

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 10 de xuño de 2024, que se aprobou por unanimidade.

INTERVENTORA

MANUEL FRANCO LEIS

RÉXIME INTERIOR

PRP2024/2116

Dáse conta do escrito presentado por Alcoholicos Rehabilitados Arousa, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 8 de xuño de 2024, en horario de 10:30 a 13:00 horas, así como a cesión dunha carpa, unha mesa e catro cadeiras.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/2161

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Isabel Mariño Tubio solicitando a instalación dun espello para mellorar a visibilidade na intersección de Rúa Veiga da Aldía de Cea con Rúa Charco de Rubiáns.

Visto o informe da Policía Local no que se fai constar que efectivamente é moi conveniente xa que a visibilidade é bastante reducida e facilitaría o acceso á rúa paralela á vía do tren, xa que esta incrementou a densidade do tráfico nos últimos tempos, ao ser un bo acceso á Avda. de Rubians.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á instalación do espello panorámico solicitado. Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Alvaro).

PRP2024/2162

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Victoria Ozores Rey, solicitando a instalación de placa identificativa co nome da Rúa "Río Ulla" , situada na Urbanización A Tomada de Carril (accedendo por Rúa Valentín Viqueira -antigo concesionario Opel) a primeira rúa a dereita.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a colocación da placa na citada Rúa Río Ulla.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras - Sinalización (Alvaro)

PRP2024/2189

Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel Goday Esgueva, como Presidente da Comunidade de veciños do Edificio Leon XIII, situado na Praza Doutor Carús nº 7, de queixa polas molestias que lles causa o establecemento denominado "El Dorado", por olores e fumes procedentes ao parecer da cociña do citado establecemento.

Así mesmo solicitan que se realicen controis de horario nas fins de semana.

Visto o informe da Policía Local, no que se indica que o citado establecemento conta con licenza municipal de Café Bar, e pode contar con cociña. Indican así mesmo que no intre que teñan problemas de ruídos soliciten a presenza policial para realizar a correspondente medición santométrica.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta á Xerencia Municipal de Urbanismo aos efectos de que se proceda a realizar as comprobacións oportunas en relación co tema dos olores e fumes provocados polo citado establecemento.

PRP2024/2191

Dáse conta do escrito presentado por AA.W DE VECIÑOS DO PIÑEIRO E SANTA MARIÑA, en relación con deficiencias na sinalización vial vertical na zona e solicitando a substitución de sinais erróneas e que se mellore a información nos cruces para evitar confusións na circulación vial.

Dáse conta de informe da policía local no que se indica que:

- Os vehículos que proveñan da rúa Da Cruz do Piñeiro, efectivamente deberían ter un sinal xusto de fronte (hai sinal de Cemiterio A Pelada) ao chegar ao STOP xa existente que recollera a información requirida de: O Piñeiro;
- Os vehículos que proveñan da PO-528, sentido ascendente, XA TEÑEN sinalización indicativa de O Piñeiro, A Pelada, Faxilde,....;
- Podería complementarse o sinal que indica "Renza" con "O Piñeiro" sito na glorieta da N-640 entre rúa da Vereda e Fontecarmoa;
- Colocación de sinal vertical S15a (rúa sen saída) na entrada da rúa Ríolois.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización de conformidade co informe da Policía Local.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras - Sinalización (Álvaro).

PRP2024/2195

A Policía Local, en resposta ao escrito presentado por Angela Chenlo Fernandez, (Mestra composteira), a efectos de facilitar o xiro do camiión do servizo de limpeza na confluencia das rúas Merlo con Estorniño, no que indica que sería conveniente o repintado da liña amarela xa existente, e onde se solicita a colocación de Titos de balizamento que impidan a parada/estacionamento no lugar que a día de hoxe se atopa ocupado a pesares de dito sinal horizontal existente, informan o seguinte:

- Non se observa inconveniente para que a praza de persoas con discapacidade existente na rúa Matosinhos 6 se cambie á outra marxe da calzada, e se substitúa pola nova ubicacións dos colectores existentes.
- NON se considera oportuna a solicitude de rúa Marxión, posto que nos atopamos con unha beirarrúa pintada á marxe esquerda quede reducirse podería incidir nun incremento da inseguridade viaria, polo que se é precisa a colocación dos colectores no lado dereito do sentido circulatorio, deberíaselles buscar outra ubicación que non implique a actual sinalización da vía.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a cambiar a praza de

persoas con discapacidade existente na Rúa Matosinhos nº 6 á outra marxe da calzada.
En relación coa Rúa Marxión acordase non aceptar o solicitado, de conformidade co indicado pola Policía Local.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras - Sinalización (Alvaro)

PRP2024/2296

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura dun convenio con Dona Elena Montans Arguello e D. Benito Dios Pomares, para autorizar gratuitamente, ao Concello de Vilagarcía de Arousa, o dereito de paso da tubaxe de augas pluviais pola parcela situada ao final da Rúa Magnolio - Trabanca Badiña, con referencia catastral 36060A021003540000GD, para dar saída ás augas pluviais da Rúa Magnolio cara unha arqueta da rede municipal de pluviais do polígono de Trabanca badiña existente na metade de dita parcela.

PRP2024/2298

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do convenio de cesión gratuíta por Dona Maria Carmen Velázquez Nogueira e D. José Luis Rios Romero, da superficie de 1,2 m² para retranquear a esquina do muro da parcela situada en Rúa Carrizo nº 32 (Ref. catastral 36060AAAA028000280001HM) que fai de poste do portal, co fin de mellorar a seguridade viaria do camiño municipal existente, comprometendose o Concello ao retranqueo do muro que fai de poste do portal de entrada á parcela empregando os materiais existentes e ao acondicionamento da superficie aceptada polo Concello de Vilagarcía de Arousa mediante o presente convenio para incorporar ao camiño municipal.

PRP2024/2299

Dáse conta do escrito remitido pola Consellería de Facenda e Administración Pública solicitando cesión temporal do dereito de uso do local de 266 m² localizado na Avda. Matosinhos nº 1 (edificio Matosinhos) para continuar coa prestación dos Servizos de Inspección e Saúde Pública da Comarca de Vialgarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a cesión de uso temporal do local de referencia por un ano á citada Consellería, prorrogable por anualidades, con efectos de 01 de xaneiro de 2024.

Dende o 1 de xaneiro de 2024, o Concello asumirá os gastos do inmovible de referencia relativos a electricidade, gas e auga, e tendo en conta que as instalacións localizadas na Avda. Matosinhos nº 1 contan cunha superficie total construída de 878 m², e que o local obxecto da cesión dispón de 266 m², a Consellería de Facenda e Administración Pública deberá proceder ao aboamento do 30,30% do importe total das facturas de electricidade, gas e auga, realizando o pagamento a modo de reintegro do gasto real que será acreditado polo Concello mediante a remisión das facturas, con xustificación do seu pagamento.

PRP2024/2301

Dáse conta de escrito presentado or D. Ramón Santiago Muñiz Rodriguez achegando escrito con firmas de outros veciños solicitando que se acometan as obras de abastecemento de auga potable e rede de saneamento na Rúa Robaleira (Trabanca Badiña).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comuncarlle que se necesita previamente a cesión dos terreos para a realización das obras de canalización.

PRP2024/2302

Dáse conta de oferta presentada por Gruas Pontesalnes Servicios SL para a adquisición de vehículo de guindastre municipal con matrícula 5171DLH, ofertando un importe 2.500 € e asumindo ao seu cargo os gastos de transferencia e recollida do vehículo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e que se proceda a tramitar o expediente de venda do vehículo indicado, dando conta ao Departamento de Contratación.

PRP2024/2305

Dáse conta de escrito presentado por Dona Esther Torrado Cuervo, como Directora do CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro, Carril, solicitando o cambio de localización das mesas electorais do comedor escolar para a sala de psicomotricidade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que o espazo proposto é de pequenas dimensións para a instalación de tres mesas electorais, e ademais non cumpre as condicións de accesibilidade necesarias, polo que, seguirán instalándose no Comedor Escolar.

PRP2024/2313

Dáse conta do escrito presentado por **D. Manuel Rodríguez Fontán, en representación de ENGLISH 4 PEOPLE SL -B94116571**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Zona Tir, o día 22 de xuño de 2024, en horario de 08:00 a 15:00 horas, para a celebración da festa de Fin de Curso nun espazo ao aire libre, con capacidade para albergar aos estudantes e ás súas familias.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que deberán solicitar a correspondente autorización á Autoridade Portuaria, que é o organismo titular dos terreos solicitados.

PRP2024/2295

Dáse conta do escrito presentado por Dona Laura Sánchez Barros, solicitando autorización para colocar música e un altavoz na terraza do bar "As Tapas de Laura Alegría" sito en arzobispo Gelmirez nº36, os días 21, 22, 28 e 29 de xuño de 2024, en horario de 12:30 a 14:30 e de 20:30 a 00:30 horas, con motivo das festividades de San Xoán e San Pedro.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- O horario será de 12:30 a 14:30 e de 20:30 a 23:30
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

RECURSOS HUMANOS

PRP2024/2263

Vista a proposta do Oficial Xefe Accidental de Policía Local e o informe de Recursos Humanos, en relación co nomeamento de auxiliares da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda proceder ao nomeamento de 8 auxiliares de Policía Local en calidade de funcionarios interinos, por acumulación de tarefas derivada da existencia de vacantes, e baixas, así como goce de vacacións do persoal, por un período de 3 meses, (4 policíaas do 18 de xuño ao 17 de setembro de 2024 e 4 policíaas do 24 de xuño ao 23 de setembro de 2024), de conformidade coa listaxe comunicada pola AGASP, coa data de 23 de maio de 2024, cunha aportación municipal de 65.958,28 €.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2024/2277

En base ao informe emitido pola Coordinadora de Servizos Sociais, en relación ao gasto a asumir polo Concello relativo á atención educativa e comedor da Escola Infantil Municipal do mes de MAIO 2024,

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguintes contías:

1. Custe derivado da aplicación das bonificación do Decreto 49/2012 de réxime de prezos das escolas infantís 0-3 a asumir polo Concello en concepto de :
 1. Atención educativa: 18.576,48€
 2. Comedor: 7.293.05€
2. Custe que lle correspondería aboar ás familias e a asumir pola Xunta de Galicia de acordo coa Orde do 10 de Agosto de 2023 en concepto de
 1. Atención educativa: 8.928.27€

Na facturación do mes de abril 2024 non se contemplou para a aprobación de pago a contía correspondente á reserva de prazas de emerxencia social, que equivalen a un importe de 507,78€. Polo tanto, a Xunta de Goberno Local, a acorda:

- Aprobar o pago a favor da Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L. con C.I.F. nº B 94065661, en concepto de bonificación municipal pola atención educativa e comedor e gratuidade da atención educativa para as familias do mes de maio 2024, por importe de 34.797,80€, con cargo á partida 3213.48007.
- Aprobar o pago correspondente 'reserva de prazas de emerxencia social do mes de ABRIL 2024, por importe de 507,78 €, con cargo á partida 323.48007.

EMPREGO

PRP2024/2228

Dáse conta da modificación da resolución de concesión da axuda para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles de comercialización, concedida para o proxecto VILAGARCIA VIVA. PROXECTO DE MELLORA, REVITALIZACIÓN E RESILIENCIA DE MERCADOS TRADICIONAIS E ZONAS COMERCIALES URBANAS.

A resolución modificada une nunha soa actuación a instalación de puntos de carga para reparto a

domicilio na praza de abastos e implantación de medidas de eficiencia enerxética na praza de abastos (luminarias, placas solares, accesibilidade...) unificando igualmente o orzamento financiable, por cantidade global de 121.000,00 Euros, segundo consta no cadro desgloxe de conceptos financiables contidos na resolución, que se incorpora ao expediente.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2024/2264

Logo da experiencia de anos pasados e segundo a información recibida da empresa encargada dos servizos de comunicación da VII edición do festival clasclás, co creemos convinte facer unha campaña publicitaria en medios de comunicación co obxectivo de ampliar a visibilidade do Festival. Dita campaña vai enfocada, este ano 2024 e por vez primeira, a publicitar o festival en diferentes medios de comunicación, especializados no caso da revista Scherzo, e xerais no caso de Faro de Vigo, La Voz de Galicia, Diario de Arousa e Pontevedra Viva.

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto, por un importe total de 1.638,30 €, con cargo á partida 3261.22602, para a realización da campaña publicitaria da VII Edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024, coa seguinte desagregación:

- Scherzo Editorial S.L. con CIF B78196664 por un importe total de 605,00 € (500,00€ + 105,00€ do 21 % do IVE)
- Faro de Vigo, S.A.U., con CIF A36600815, por un importe total de 381,15 € (315,00€ + 66,15€ do 21 % do IVE)
- La Voz de Galicia S.A., con CIF A15000649 por un importe total de 381,15 € (315,00€ + 66,15€ do 21 % do IVE)
- Editorial La Capital S.L. con CIF B15162068, Diario de Arousa, por un importe total de 150,00 € (123,97€ + 26,03 € do 21% do IVE), opción 5 días web
- Virtual Vedra Comunicación S.L. con CIF B94063567, Pontevedra Viva, por un importe total de 121,00 € (100,00 € + 21,00 € do 21 % do IVE)

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/2271

Con data de 03/06/2024 a XGL aprobou a proposta de gasto de aloxamento do Festival clasclás 2024 en diferentes establecementos hoteleiros da cidade.

Que compre facer unha pequena modificación nos gastos de aloxamento a realizar no Hotel Alda Castelao por mor de necesidades comentadas recentemente polos artistas de esta edición 2024 e, por conseguinte, os gastos de aloxamento neste Hotel pasarán de 1.953,00 € IVE engadido a 2.073,00 € IVE engadido).

Por todo o anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a modificación dos gastos de aloxamento no Hotel Alda Castelao para o Festival clasclás 2024 por mor das necesidades plantexadas polos artistas do Festival pasando de 1.953,00 € IVE engadido a 2.073,00 € IVE engadido (1.884,59 € + 188,41 € do 10 % do IVE) con cargo á partida 3261 22699 do Proxecto con código 2024-3-CRRTE-5-1 do orzamento do festival financiado con RRPP para

o ano 2024.

PRP2024/2288

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases da convocatoria de subvencións para o financiamento do Plan Madruga nos centros sostidos con fondos públicos para o curso 2023/24, por un importe total de 6.000 €, con cargo á partida 320.48003.

As principais características da convocatoria son:

- Una axuda de 100 €/mes para cada ANPA.
- O financiamento de 6.000 € con cargo á partida 320-48003
- Non se require un número mínimo de usuarios.
- Establécese un único período, que coincide co curso escolar: de setembro de 2023 a xuño de 2024.
- Xunto coa solicitude xa presentan a xustificación.
- O prazo vai do 24 de xuño ao 8 de xullo de 2024.

A convocatoria refírese ao curso escolar completo, de setembro a xuño. Este proceder resulta máis sinxelo para a directiva de cada ANPA xa que so se dirixen ao concello nunha ocasión en cada curso.

PRP2024/2289

O Técnico de Educación emitiu informe de data 15/05/2024 no que sinala que “a Xunta de Goberno Local do 26/12/023, a proposta desta concellería e baseándose no informe emitido polo técnico do servizo Javier Villaronga, aprobara as axudas ás ANPAS que solicitaron a subvención para o Plan Madruga, para o período setembro 2022-xuño 2023, ao abeiro das BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA O FINANCIAMENTO DO PLAN MADRUGA NOS CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA CURSO 2022/23, aprobadas na Xunta de Goberno Local do 24/04/2023.

A axuda por mes no que se realizou a actividade e para cada ANPA resultara de 75,75 €, logo de aplicado o reparto dos 5.000 € consignados das bases e de acordo cos criterios establecidos nelas.

Por erro do técnico, na relación aprobada o 26/12/02023 non se incluíu a ANPA COLEXIO PÚBLICO O PIÑEIRIÑO, con CIF G3610494. Esa omisión foi motivada porque na documentación xustificativa presentada consta como interesado NOEMÍ LÓPEZ RODRÍGUEZ, que era a presidenta da ANPA, cando tiña que constar como representante.

A documentación que fora presentada por esa ANPA, omitido o feito xa descrito, é correcta e conforme as bases. A actividade foi realizada dende setembro de 2022 ata xuño de 2023, polo que lle debe ser recoñecida unha axuda de 757,50 €”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se inclúa o citado gasto no correspondente expediente de créditos recoñecidos, para a súa aprobación polo Pleno da Corporación Municipal.

Dar conta á Intervención Municipal.

PRP2024/2306

Vista a proposta do Director da Biblioteca Pública Municipal, e tendo en conta que durante os meses de xullo e agosto as Axencias de lectura de Bamio e Vilaxoán pechan os seus servizos de cara aos usuarios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a interrupción do servizo de limpeza

das citadas Axencias de Lectura, dende o 1 de xullo ao 28 de agosto.

Comunicar o presente acordo á Empresa CLECE SA.

PRP2024/2307

Vista a proposta do Director da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Unidad Editorial SLU para a subscripción anual ao diario deportivo Marca, con destino ó espazo de publicacións periódicas da Biblioteca Municipal, por un importe de 268,98 € (do 1 de xullo de 2024 ao 30 de xuño de 2025), con cargo á partida 3321.22001, por ser un importe inferior ao que se viña pagando actualmente.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2024/2290

A Concellería de Xuventude, dentro do programa de actividades de dinamización nas parroquias, vai organizar un Obradoiro de pintacaras e actividades de animación o vindeiro día 30 de xuño (en horario de tarde e cunha duración de dúas horas), na parroquia de Cornazo, á petición da Comisión de Festas de S. Pedro. As actividades están dirixidas ao público familiar, con nenos/as de entre 3 e 12 anos, co obxectivo de fomentar a participación dos/as menos/as nun evento sociocultural que ten lugar coa celebración de San Pedro na parroquia.

Desenvolvemento das actividades:

- Actividades de dinamización para promover a participación nas actividades dirixidas a nenos de entre 3 e 12 anos e público familiar.
- Obradoiro de pintacaras consistente na realización de diversas maquillaxes creativas.

As actividades serán gratuítas e desenvolveranse na Parroquia de Cornazo o vindeiro día 30 de xuño, e en horario de tarde.

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda, adxudicar o contrato menor de servizos para a realización do Obradoiro de pintacaras e actividades de animación a D. José Angel Noya González, por un importe total de 242,00 € (IVE incluído), con a cargo da partida orzamentaria 2314.22610.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2024/2258

Dáse conta da chegada a este Concello da resolución da directora xeral de Administración Local, por delegación do conselleiro da Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia de concesión de subvención Fondo de compensación Ambiental na liña NON COMPETITIVA convocada ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2023 polo que se acorda conceder a este Concello unha subvención por importe total de 10 924,57 €, para o proxecto denominado

“REFORMA DO POZO DE BOMBEO DA RÚA DA GRANXA EN BAMIO”.

Segundo o presuposto que figura na memoria técnica descritiva datada o 20/02/2024, o orzamento total subvencionable era de 17 825,96 euros, cantidade que ven recollida na mencionada resolución de concesión como orzamento total, xa que é a que se estableceu na solicitude da subvención.

IMPORTE TOTAL SUBVENCIONADO: 10 924,57 €.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- A aceptación da subvención e das condicións contidas na convocatoria e na resolución de concesión.
- 2.- Dar conta da resolución ao Departamento de Intervención.
- 3.- Dar conta ao Departamento de contratación para que se proceda a licitar a obra. Segundo o artigo 30 da Orde da convocatoria o prazo para executar o proxecto subvencionado e presentar a conta xustificativa remata o día 31 de outubro de 2024.
- 4.- Aprobación da achega municipal por importe aproximado de 6.901,39 euros, dependendo do que finalmente resulte do proceso de contratación da obra.

PRP2024/2292

Coa finalidade de colaborar dunha forma activa na protección dos montes do municipio apoiando a posta en marcha de proxectos forestais que persigan a finalidade de defensa e protección do monte contra os incendios forestais, este Concello convoca para as comunidades de montes veciñais en man común dende hai anos as axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios

A Xunta de Goberno Local acorda:

A aprobación das bases reguladoras do programa de axudas por importe de 83.000,99€ a proxectos de actuación preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios do Concello de Vilagarcía de Arousa 2024 e aprobación da súa remisión ao BOPPO para que se proceda á súa publicación.

A presente convocatoria, as bases reguladoras e modelos normalizados de solicitude das axudas para o ano 2024 do Programa de axudas municipais a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes no ámbito do Concello de Vilagarcía de Arousa, publicarase e estarán a disposición das CMVMC interesadas, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Catálogo de procedementos da sede electrónica municipal (sede.vilagarcia.gal),

PRP2024/2317

En maio do pasado ano 2023 comezou a prestación de recollida de lixo municipal baixo un novo contrato administrativo licitado e adxudicado polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

O obxectivo da prestación do devandito contrato responde, entre outras cuestións, coa intención de dar debida resposta desde esta administración local á obriga legislativa de recollida de residuos correspondente ao ámbito das entidades locais (Lei 7/1985, do 2 de abril LBRL e sucesivas), así como á de dar cumprimento ás novas esixencias normativas para a xestión de residuos que se implementaron nos últimos anos, tanto a nivel autonómico (Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e chans contaminados de Galicia) como a nivel estatal (Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular).

Entre as consideracións máis relevantes desta última, recóllense as seguintes observacións:

- Segundo o Artigo 2, considéranse residuos municipais:

- 1.º Os residuos mesturados e os residuos recollidos de forma separada de orixe doméstica,

incluídos papel e cartón, vidro, metais, plásticos, biorresiduos, madeira, téxtiles, envases, residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, residuos de pilas e acumuladores, residuos perigosos do fogar e residuos voluminosos, incluídos os colchóns e os mobles.

2.º Os residuos mesturados e os residuos recollidos de forma separada procedentes doutras fontes, cando eses residuos sexan similares en natureza e composición aos residuos de orixe doméstica.

Os residuos municipais non comprenden os residuos procedentes da produción, a agricultura, a silvicultura, a pesca, as fosas sépticas e a rede de sumidoiros e plantas de tratamento de augas residuais, incluídos os lodos de depuradora, os vehículos ao final da súa vida útil nin os residuos de construción e demolición.

A mencionada Lei 7/2022 ten entre os seus obxectivos a prevención e a redución da xeración de residuos e dos impactos adversos da súa xeración e xestión, en última instancia, protexer o medio ambiente e a saúde humana e efectuar a transición a unha economía circular e baixa en carbono con modelos empresariais, produtos e materiais innovadores e sostibles.

Así mesmo, esta lei ten por finalidade previr e reducir o impacto de determinados produtos de plástico na saúde humana e no medio ambiente, con especial atención ao medio acuático.

“O produtor inicial ou outro posuidor de residuos está obrigado a asegurar o tratamento adecuado dos seus residuos...” segundo o artigo 20 da mencionada norma.

Asemade, a súa actividade industrial e económica atópase localizada e desenvólvese dentro do ámbito competencial doutra administración, Porto de Vilagarcía, dependente de Portos do Estado. É obxecto desa administración o control, xestión e regulación da actividade económica e administrativa comprendida dentro do seu ámbito competencial, entre o que se incluíría a adecuada xestión dos diferentes procesos de toda actividade produtiva, especificamente os residuos xerados por toda a actividade específica das instalacións portuarias ou residuos MARPOL, regulados con normativa vixente e desenvolvemento da mesma específico para cada instalación; os chamados plans de recepción de refugallos, aos que é allea a administración local que representa o Concello de Vilagarcía de Arousa.

En base ao exposto, comunícaselle que nas próximas semanas o Concello de Vilagarcía deixará de prestar o servizo de recollida de residuos industriais e/ou portuarios dentro do recinto do muelle comercial, sendo da súa responsabilidade a xestión propia dos residuos procedentes da actividade industrial e/ou portuaria, tal como obriga a normativa vixente.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda COMUNICAR ás seguintes empresas o anterior exposto e SOLICITAR que procedan a realizar as accións pertinentes para cumprir coas obrigas e responsabilidades pertinentes na xestión dos residuos xerados nestes centros:

ACEITES ABRIL, S.L.

BETUNES DE VILLAGARCIA, S.L.

PROFAND VILAGARCIA, S.L.U.

CEMENTOS TUDELA VEGUIN, S.A.

GARCIA REBOREDO HNOS, S.L.

GRANELES DEL NOROESTE, S.A.

IRSAM GALICIA, S.L.

GALIGRAIN, S.A.

BAR EL PUERTO

FINANCIERA MADERERA, S.A

ESPINA Y DELFÍN, S.L.

FORESA INDUSTRIAS QUÍMICAS DEL NOSOESTE, S.A

P Y J CARRASCO, S.L.

PRP2024/2430

En maio do pasado ano 2023 comezou a prestación de recollida de lixo municipal baixo un novo contrato administrativo licitado e adxudicado polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

O obxectivo da prestación do devandito contrato responde, entre outras cuestións, coa intención de dar debida resposta desde esta administración local á obriga legislativa de recollida de residuos correspondente ao ámbito das entidades locais (Lei 7/1985, do 2 de abril LBRL e sucesivas), así como á de dar cumprimento ás novas esixencias normativas para a xestión de residuos que se implementaron nos últimos anos, tanto a nivel autonómico (Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e chans contaminados de Galicia) como a nivel estatal (Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular).

Entre as consideracións máis relevantes desta última, recóllense as seguintes observacións:

- Segundo o Artigo 2, considéranse residuos municipais:

1.º Os residuos mesturados e os residuos recollidos de forma separada de orixe doméstica, incluídos papel e cartón, vidro, metais, plásticos, biorresiduos, madeira, téxtiles, envases, residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, residuos de pilas e acumuladores, residuos perigosos do fogar e residuos voluminosos, incluídos os colchóns e os mobles.

2.º Os residuos mesturados e os residuos recollidos de forma separada procedentes doutras fontes, cando eses residuos sexan similares en natureza e composición aos residuos de orixe doméstica.

Os residuos municipais non comprenden os residuos procedentes da produción, a agricultura, a silvicultura, a pesca, as fosas sépticas e a rede de sumidoiros e plantas de tratamento de augas residuais, incluídos os lodos de depuradora, os vehículos ao final da súa vida útil nin os residuos de construción e demolición.

A mencionada Lei 7/2022 ten entre os seus obxectivos a prevención e a redución da xeración de residuos e dos impactos adversos da súa xeración e xestión, en última instancia, protexer o medio ambiente e a saúde humana e efectuar a transición a unha economía circular e baixa en carbono con modelos empresariais, produtos e materiais innovadores e sostibles.

Así mesmo, esta lei ten por finalidade previr e reducir o impacto de determinados produtos de plástico na saúde humana e no medio ambiente, con especial atención ao medio acuático.

Segundo o artigo 20 da mencionada norma "O produtor inicial ou outro posuidor de residuos está obrigado a asegurar o tratamento adecuado dos seus residuos..."

Tendo en conta o anterior e de acordo co recente cambio no sistema de contenerización e recollida dos residuos municipais, comunícaselle que a partir da recepción desta notificación pola súa parte deixarase de prestar o servizo de recollida de residuos no interior das súas instalacións, quedando sen utilidade os antigos colectores de rodas de carga traseira.

Así pois, unicamente se recollerán os residuos asimilables a domésticos (non industriais) que sexan depositados nas novas illas de colectores de carga lateral instaladas na vía pública. Estes deberán depositarse correctamente diferenciados nos colectores correspondentes a cada fracción de residuos (envases lixeiros, papel e cartón, vidro, fracción orgánica e fracción resto). No seu caso, a illa máis cercana é a situada na Rúa Daniel Espiño (a 70-80 metros).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda COMUNICAR á Empresa CAPSA FOOD (LARSA) o anterior exposto e SOLICITAR que procedan a realizar as accións pertinentes para cumprir coas obrigas e responsabilidades pertinentes na xestión dos residuos xerados neste centro:

PRP2024/2348

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Francisco Nine González solicitando ocupación da Praza Lino Arcos en Zamar, co correspondente corte de tráfico con sinais e valos así como area para a fogueira de San Xoán, o día 23 de xuño e San Pedro, o día 28 de xuño de 2024.

A Xunta de Goberno Local acorda non facilitar a area solicitada nin concederlle a autorización para a realización de fogueiras na calzada.

TURISMO

PRP2024/2286

Os aseos situados na praia da Concha non están agora en servizo, precisamente cando a afluencia de xente vai a ser a maior en todo o ano. Co obxecto de solventar esta situación e incluso incrementar a dispoñibilidade de anos anteriores, contactouse coa empresa OCIO SPORT AROUSA, S.L., para o aluguer de:

- 1 módulo de wc mixto, de 6 m. (3wc mulleres, 3 wc homes, 1 urinario e 2 lavamáns)
- 1 módulo baño mixto de 4,50 m (1 wc, 1 urinario e 1 lavamáns para homes; 1 wc e 1 lavamáns para mulleres e minusválidos e rampa de acceso).

O período será dende o 1 de xullo ata o 31 de agosto.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa OCIO SPORT AROUSA, S.L. NIF 94152154, por un importe total de 8.228 € (IVE engadido), con cargo á partida 1722.203, sendo a cargo do concello a instalación, mantemento, limpeza e arranxo en caso de danos.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/2287

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o orzamento presentado por Minicruceros Proba SL , para a contratación dun barco para realizar o remonte do Río Ulla para conmemorar a traslatio, o día 7 de xullo de 2024, por un importe total de 2.750,00€ (IVE incluído) para un barco de 120 prazas, con cargo á partida 432.22610.

Reservaranse 5 prazas para protocolo. Outras 85 serán ofrecidas ao público en xeral, a través da plataforma ataquilla.com. Cada persoa poderá retirar ata 4 invitacións. O custo desta xestión ascende a 60,5 €, realizada pola Fundación Galicia Obra Social. E as restantes 30 poderán ser recollidas polos usuarios no concello.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2024/2259

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a

Asociación MM.RR. A Piñousa de Cea por un importe total de 1.797,92€ con cargo á partida 334.22703:

PROVEEDOR	C.I.F. /N.I.F.	ARTÍCULO	CORRIENTE	INVERSIÓN	TOTAL C+I
DISTRIBUCIONES FROIZ	A36036739	Diverso material	488,54 €		488,54 €
CASTROMAN ISL	B36406650	Diverso material	1.309,38€		1.309,38€
		TOTAL GASTO CENTRO CULTURAL CEA			1.797,92€

Así mesmo acórdase que se reintegre o sobranse a partida correspondente, que ascende a cantidade de 2,08€

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/2260

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Mulleres Rurais de Bamio, por un importe total de 1.512,17€, con cargo á partida 334.22703:

PROVEEDOR	C.I.F. /N.I.F.	ARTÍCULO	CORRIENTE	INVERSIÓN	TOTAL C+I
DISTRILEMA QUIMICOS SLU	B70316328	Diverso material hixiénico e de limpeza	142,86		142,86€
CASTROMAN ISL	B36406650	Diverso material cocina e electrodoméstico	121,69	225,00	346,69€
CLECE, SA	A80364243	Servicio limpeza en Centro Cultural como Centro Social	282,10		282,10€
OURENSE DE IMPRESIÓN SL	B32477341	Impresión carteis	740,52		740,52€
		TOTAL GASTO CENTRO CULTURAL DE BAMIO			1.152,17

Acórdase o reintegro á partida correspondente da diferenza restante que ascende a cantidade de 287,83€

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/2261

Vista a solicitude de Asociación A Xiada en Marcha, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dunha romería en carril o vindeiro 27 de xullo.

- Actuación da Asociación Cultural Nos de Sobradelo, o día 27 de xullo, por un importe de 225,00€

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comúncaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

CONTRATACIÓN

PRP2024/2239

Dáse conta do informe sectorial emitido polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, sobre afeccións en materia de costas do "Proxecto de recuperación fachada marítima O Ramal".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/2280

O Pleno da Corporación, na súa sesión do 29 de febreiro de 2024, acordou resolver o contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento soterrado no parking Xoán XXIII, adxudicado o 24 de xullo de 2002 a Promociones Inmobiliarias del Pisuerga, S.A. (PROINSA).

O 25 de marzo de 2024 tivo lugar o acto administrativo de reversión e entrega ao concello de Vilagarcía de Arousa do citado aparcamento soterrado, que pasa, dende esa data, a ser xestionado de forma directa por esta Administración Local.

Por acordo da Comunidade de Garaxes Juan XXIII, de data 26 de xuño de 2008, fixouse unha cota mensual de 25,00€; establecendo a “forma de pagamento por trimestres naturais, por adiantado nos primeiros días de cada trimestre e domiciliado”; aos efectos de costear os diversos gastos (limpeza, subministros, reparacións, etc.) que soporta a instalación.

Estes gastos distribuíanse entre o concesionario do aparcamento (Promociones Inmobiliarias del Pisuerga, S.A.) e os titulares dos dereitos de cesión de uso de prazas, que segundo consta na certificación de cargas e dereitos expedida pola rexistradora da propiedade de Vilagarcía de Arousa, con data 19 de xaneiro de 2024, son os que a seguir se indican:

Finca rexistral	Inscrita a favor de	Titular 2	Planta/soto	Nº praza de garaxe en cada planta
37327	ACTIMPO S.L.		3º	1
37328	ACTIMPO S.L.		3º	2
37329	ACTIMPO S.L.		3º	3
37330	ACTIMPO S.L.		3º	4
37331	ACTIMPO S.L.		3º	5
37332	ACTIMPO S.L.		3º	6
37333	ACTIMPO S.L.		3º	7
37334	Alfonso Carlos María Otero Fabeiro	Alicia Josefina Guerra Padrón	3º	8
37335	José Luis Gey Martínez		3º	9
37338	Rodrigo Martín Terrón	Herminia Molares Jiménez	3º	12
37339	Promociones A Carabuxa S.L.		3º	13
37340	ATPLAN S.L.		3º	14
37341	Promociones A Carabuxa S.L.		3º	15
37344	José Varela Caamaño (fallecido)	María Suárez Moar	3º	18

37394	Francisco Manuel Barreiro Potel	Mónica Álvarez Figueiras	3º	68
37423	Andrés Paz-Ares Rodríguez	Teresa Jácome Feijóo	2º	67

No acordo do Pleno da Corporación de data 29 de febreiro de 2024, consta que os titulares de dereitos de cesión de uso de prazas de aparcamento poderán seguir usándoas polo tempo previsto no contrato suscrito no seu día coa sociedade PROINSA, que finalizará o 21 de xullo de 2055; sen prexuízo da actualización da cota mensual de gastos de explotación que corresponda nos termos indicados na cláusula trixésimo sétima do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas (puntos 9 e 10 do precitado acordo plenario).

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 22 de abril de 2024, acordou manter a cota trimestral establecida pola Comunidade de Garaxes Juan XXIII en 2008, de tal forma que os titulares de dereito de cesión de uso de prazas de aparcamento no parking Xoán XXIII indicados anteriormente deben proceder, con periodicidade trimestral e dentro dos primeiros 10 días de cada trimestre, a ingresar unha cota de 75,00€ ao Concello de Vilagarcía de Arousa, con efectos do 1 de abril de 2024, en concepto de gastos de comunidade praza de Parking Xoán XXIII. Por tanto, a cota de 75,00€ ao trimestre, debe ser ingresada, ao Concello, dentro dos dez primeiros días de xaneiro, abril, xullo e outubro.

Con data 14 de maio de 2024, rexistro 2024006383, D. José Luis Gey Martínez, titular de dereito de cesión de uso da praza de garaxe nº 9 da planta 3ª do Parking Xoán XXIII, presenta escrito co que achega o escritura notarial de cesión de concesión administrativa pola que don Alfonso Carlos María Otero Fabeiro e a súa esposa doña Alicia Josefina Guerra Padrón, anteriores titulares de dereito de cesión de uso sobre a praza de garaxe nº 9 do soto 3 do Parking Xoán XXIII, ceden esta titularidade a don José Luis Gey Martínez.

No citado escrito manifesta que non acepta a tarifa trimestral establecida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2024, polo que se mantén a contía acordada no ano 2008 pola Comunidade de Garaxes Juan XXIII, que establecía un importe de 25 € mensuais, 75€ ao trimestre.

En base aos precitados antecedentes emítese o seguinte informe xurídico:

1.- Na acta da Xunta Xeral Ordinaria de data 26 de xuño de 2008, pola que, entre outros asuntos, se acorda a constitución formal da Comunidade de propietarios Comunidade de Garaxes Juan XXIII e a fixación da cota trimestral de 75€, consta como asistente don Alfonso Carlos María Otero Fabeiro como propietario/representante das prazas 8 e 9 do soto 3. Don Alfonso Carlos María Otero Fabeiro e a súa esposa dona Alicia Josefina Guerra Padrón son os anteriores titulares do dereito de uso de cesión sobre a praza de garaxe nº 9 do soto 3 do Parking Xoán XXIII, cuxa titularidade do dereito de cesión de uso cederon a D. José Luis Gey Martínez.

2.- A D. José Luis Gey Martínez, como novo titular do dereito de cesión de uso, correspóndelle abonar a tarifa correspondente á praza nº 9 do soto 3 do Parking Xoán XXIII, que foi acordada por unanimidade da referida Comunidade de Propietarios.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar a D José Luis Gey Martínez, que ao igual que o resto de titulares de dereito de cesión de uso de prazas de aparcamento no parking Xoán XXIII, debe asumir o pago da cantidade trimestral de 75€, de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2024, que mantén a cota fixada por acordo da Comunidade de Garaxes Juan XXIII o 26 de xuño de 2008, a cal debe ingresarse ao Concello de Vilagarcía de Arousa, na conta bancaria da que é titular este Concello, con IBAN ES88 2080 0522 903110000019, con periodicidade trimestral, dentro dos primeiros dez días de xaneiro, abril, xullo e outubro.

Con motivo da celebración, o 28 de Maio de 2024 do CONGRESO DE MOBILIDADE DA F.P. EN COLABORACIÓN COA XUNTA DE GALICIA, no que acudiron 200 persoas, a empresa GOAHEAD RESTAURACION 2020, S.L. a instancia do Concello de Vilagarcía, prestou o servizo de café, infusións, etc. e máis bollería ás persoas alí congregadas, por un importe de 1.400,00 € (sen IVE) e 1.540,00 (con IVE).

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola mercantil GOAHEAD RESTAURACION 2020, S.L (N.I.F B94198934) para un servizo de café, infusións e máis bollería ás persoas alí congregadas (200 persoas) por mor do Congreso de mobilidade da F.P. en colaboración coa Xunta de Galicia, por importe de 1.540,00 € (CON IVE), con cargo á partida 912.22601.

PRP2024/2309

Dáse conta do expediente de contratación CT 75/2023-e tramitado mediante Contrato menor, para adxudicar as obras incluídas no proxecto denominado "Reparación de Beirarrúas na Rúa Patio Saavedra", financiadas pola Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Máis Provincia 2024) cun orzamento de licitación de 23.579,58 € (sen IVE) e de 28.531,29 € (IVE incluído).

Con data 21 de maio de 2024 foron remitidas invitacións, a través dos servizos da Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP), para os efectos de solicitude de presentación de oferta para participar na licitación do contrato menor de obras de Reparación de beirarrúas en cálea Patio Saavedra, ás seguintes empresas:

NIF: A15050958 - MONCOSA OHS, S.A.

NIF: B36130649 - MONTAJES JM IGLESIAS, S.L.L.

NIF: A15146608 - NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.

Rematado o prazo presentaron as seguintes ofertas:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	MELLORA: aumento de prazo de garantía	MELLORA da documentación técnica a presentar trala execución dos traballos
Moncosa OHS, S.A.	21.632,64€	3 anos	Sí
Montajes J.M. Iglesias, S.L.	21.500,00€	3 anos	Sí
Nemesio Ordóñez, S.A.	22.431,25	3 anos	Sí

A mesa de contratación asume o informe técnico emitido polo arquitecto municipal e asigna, de acordo aos criterios de valoración e adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación e o informe técnico anteriormente referido, as seguintes puntuacións:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	Puntuación oferta económica	Puntuación mellora: incremento do prazo de garantía	Puntuación mellora: entrega ficheiro formato Shape	TOTAL PUNTOS
MONTAJES JM IGLESIAS, S.L.	21.500,00 €	20,00	40	40	100,00 (proposto para adxudicación)
MONCOSA OHS, S.A.	21.632,64 €	18,72	40	40	98,72
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	22.431,25 €	11,04	40	40	91,04

De conformidade coa avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: B36130649 Montajes J.M. Iglesias, S.L. Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100

Total puntuación: 100

Orde: 2NIF: A15050958 Moncosa OHS, S.A.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 98.72

Total puntuación: 98.72

Orde: 3NIF: A15146608 Nemesio Ordoñez

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 91.04

Total puntuación: 91.04

Á vista do que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar o contrato menor de obra denominado “Reparación de beirarrúas na Rúa Patio Saavedra”, obras cofinanciadas pola Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, cun orzamento de licitación de 23.579,58€ (sen IVE); 28.531,29€ (IVE incluído), á empresa con NIF: B36130649 MONTAJES JM IGLESIAS, S.L., de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adjudicación que rexen a licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 1532-61900.

A oferta do licitador é a seguinte:

- Prezo ofertado: 21.500,00€ (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 4.515,00€, o que totaliza un importe de 26.015,00€ (IVE incluído)
- Melloras:
 - Aumento do prazo de garantía (3 anos)
 - Mellora da documentación técnica a presentar unha vez finalizada a execución dos traballos (ficheiro formato Shape con proxección ETRS 89 UTM 29).

PRP2024/2310

Na sesión da Xunta de Goberno Local, celebrada con data 22 de abril de 2024, aprobouse o proxecto técnico refundido denominado “Reparación de beirarrúas na rúa Patio Saavedra”, redactado polo enxeñeiro técnico ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, cun orzamento de execución por contrata (IVE engadido) de 28.531,29€.

A Deputación Provincial de Pontevedra, mediante Resolución Presidencial de data 6 de maio de 2024, concedeu subvención para o investimento de “Reparación de beirarrúas na rúa Patio Saavedra” con cargo á Liña 1 do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA), por un importe de 28.531,29€.

Por Providencia de incoación do 8 de maio de 2024, iniciouse o expediente de contratación da obra de referencia e dispúxose a súa tramitación como contrato menor de obra, tramitación ordinaria e a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local acordou adjudicar as citadas obras á mercantil MONTAJES JM IGLESIAS, S.L. (B36130649), por importe de 21.500,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 4.515,00 €, o que totaliza un importe de adjudicación (IVE engadido) de 26.015,00 €.

En virtude do establecido na Lei de Ordenación da Edificación, para a execución das obras e traballos que se describen no proxecto, é necesario levar a cabo a contratación dun Director de Obra, que será o axente que, formando parte da dirección facultativa, dirixirá o desenvolvemento da obra nos aspectos técnicos, estéticos, urbanísticos e medioambientais, de conformidade co proxecto que a define, a licenza de edificación e demais autorizacións preceptivas e as condicións do contrato, co obxecto de asegurar a súa adecuación ao fin proposto.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda nomear ao enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, como director de obra e coordinador de seguridade e saúde do investimento denominado CT 75/2023-e “Reparación de beirarrúas na rúa Patio Saavedra”.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2024/2274

Visto o expediente de gasto INT/2024/221 integrado pola relación de xustificantes F/2024/53 por importe de 3.756,05 €.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/53 por importe de 3.756,05€ co seguinte desglose:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Nombre	Programa	Economica	Texto Explicativo
F/2024/3 459	24SF10123467	28/05/2024	27,79	SOLITIUM, S.L.	2412	22199	CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 2412 ESCOLA OBRADOIRO Período Del 1/5/2024 al 31/5/2024 (ID:SL159635 C/AGUSTIN ROMERO, 52 V
F/2024/3 460	24SF10123465	28/05/2024	3.341,85	SOLITIUM, S.L.	920	22000	CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 920 ADMON XERAL Período Del 1/5/2024 al 31/5/2024 (ID:SL03100DNNE PLAZA DE RAVELLA, 1 VILAG
F/2024/3 461	24SF10123533	28/05/2024	99,67	SOLITIUM, S.L.	3262	22000	CUOTA MTO. CENTRO DE COSTES 3262 ESCOLA DE MUSICA Período Del 1/5/2024 al 31/5/2024 (ID:SL144651 AVDA. ROSALIA DE CAST
F/2024/3 462	24SF10123464	28/05/2024	19,00	SOLITIUM, S.L.	241	22000	CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 241 EMPREGO Período Del 1/5/2024 al 31/5/2024 (ID:SL03078DNNE AVDA. DE MATOSINHOS, Nº1- BAJ
F/2024/3 463	24SF10123466	28/05/2024	29,62	SOLITIUM, S.L.	2311	22000	CUOTA MTO. CENTRO DE COSTES 2311 SPAD Período Del 1/5/2024 al 31/5/2024 (ID:SL03079DNNE C/JUAN CARLOS I, Nº 38 VILAGAR
F/2024/3 464	24SF10123497	28/05/2024	174,52	SOLITIUM, S.L.	3261	22000	CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 3261 CONSERVATORIO Período Del 1/5/2024 al 31/5/2024 (ID:SL07174DNNE AVDA. DA MARIÑA Nº 27
F/2024/3 465	24SF10123534	28/05/2024	62,04	SOLITIUM, S.L.	3321	22000	CUOTA MTO. CENTRO DE COSTES 3321 BIBLIOTECAS Período Del 1/5/2024 al 31/5/2024 (ID:SL07082DNNE RUA VAZQUEZ LEIS, 16 VI
F/2024/3 466	24SF10123535	28/05/2024	1,56	SOLITIUM, S.L.	4311	22000	CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 4311 FEIRAS Período Del 1/5/2024 al 31/5/2024 (ID:SL144643 RODRIGO DE MENDOZA, Nº16 VILLAGA
		TOTAL	3.756,05 €				

PRP2024/2278

Visto o expediente de gasto INT/2024/231 integrado pola relación de xustificantes F/2024/57 por importe de 1.335,42€.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2024/57 por importe de 1.335,42€ co seguinte desglose:

N° de Entrada	N° de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Nombre	Programa	Economica	Texto Explicativo
F/2024/2775	1301157340	30/04/2024	164,75	FC - Factura Conformada	KONE ELEVADORES, S.A.	1530	213	CONTRATO DE MANTENIMIENTO / Mantenimiento / UNICO / POL. TRABANCA DABIÑA / POL. TRABANCA DABIÑA / / SERVICIO DE TELEFONÍ
F/2024/2776	1301157343	30/04/2024	39,93	FC - Factura Conformada	KONE ELEVADORES, S.A.	432	213	CONTRATO DE MANTENIMIENTO / Mantenimiento / SALVAESCALERAS / AV. ROSALIA DE CASTRO, 100 / AV. ROSALIA DE CASTRO, 100 /
F/2024/2777	1301157344	30/04/2024	86,10	FC - Factura Conformada	KONE ELEVADORES, S.A.	135	213	KONE NEMO DOOR CONTRACT / Mantenimiento / UNICA / AV. AGUSTIN ROMERO, 52 / AV. AGUSTIN ROMERO, 52 / / KONE NEMO DOOR CON
F/2024/2778	1301157339	30/04/2024	60,50	FC - Factura Conformada	KONE ELEVADORES, S.A.	2311	213	CONTRATO DE MANTENIMIENTO / Mantenimiento / UNICO / AV. JUAN CARLOS, 1 / AV. JUAN CARLOS, 1 / / SERVICIO DE TELEFONÍA MO
F/2024/2779	1301157345	30/04/2024	21,53	FC - Factura Conformada	KONE ELEVADORES, S.A.	132	213	KONE NEMO DOOR CONTRACT / Mantenimiento / DEPOSITO VEHICULO POLICIA / AV. ROSALIA DE CASTRO, S/N / AV. ROSALIA DE CASTRO
F/2024/2780	1301157333	30/04/2024	57,48	FC - Factura Conformada	KONE ELEVADORES, S.A.	3321	213	CONTRATO DE MANTENIMIENTO / Mantenimiento / UNICO / C/ ALCALDE REI DAVIÑA, 14-16 / C/ ALCALDE REI DAVIÑA, 14-16 /
F/2024/2781	1301157335	30/04/2024	181,50	FC - Factura Conformada	KONE ELEVADORES, S.A.	320	213	CONTRATO DE MANTENIMIENTO / Mantenimiento / UNICO / C/ XUNQUEIRA, S/N / C/ XUNQUEIRA, S/N / / SERVICIO DE

								TELEFONÍA MOVI
F/2024/ 2782	1301157341	30/04/ 2024	60,50	FC - Factura Conformada	KONE ELEVADORES, S.A.	459	213	CONTRATO DE MANTENIMIENTO / Mantenimiento / ASC CALLE / PL. DA ESTACION, S/N / PL. DA ESTACION, S/N / / SERVICIO DE TELE
F/2024/ 2783	1301157332	30/04/ 2024	258,94	FC - Factura Conformada	KONE ELEVADORES, S.A.	334	213	CONTRATO DE MANTENIMIENTO / Mantenimiento / ASCENSOR / AV. MARIÑA, 27 / AV. MARIÑA, 27 / / SERVICIO DE TELEFONÍA MOVIL /
F/2024/ 2784	1301157336	30/04/ 2024	181,95	FC - Factura Conformada	KONE ELEVADORES, S.A.	920	213	CONTRATO DE MANTENIMIENTO / Mantenimiento / UNICO / C/ CAMINO REAL DE BADIÑA, S/N / C/ CAMINO REAL DE BADIÑA, S/N // SE
F/2024/ 2785	1301157337	30/04/ 2024	222,24	FC - Factura Conformada	KONE ELEVADORES, S.A.	4312	213	CONTRATO DE MANTENIMIENTO / Mantenimiento / ASCENSOR / C/ ALEXANDRE BOVEDA, 5 / C/ ALEXANDRE BOVEDA, 5 // SERVICIO DE T
		TOTAL	1.335,42 €					

PRP2024/2279

Visto o expediente de gasto INT/2024/228 integrado pola relación de xustificantes F/2024/55 por importe de 666,34 €.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/55 por importe de 666,34€ co seguinte desglose:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Nombre	Programa	Económica	Texto Explicativo
F/2024/ 2871	FE24321464606278	19/04/ 2024	577,33	FC - Factura Conformada	NATURGY IBERIA, S.A.	2311	22103	IMPUESTO ESPECIAL SOBRE HIDROCARBUROS 13/02/2024 - 09/04/2024 8.908,00 KWH x 0,00234 EUR/KWH (CUPS ES0224050037822355XF
F/2024/ 2872	FE24321464836288	22/04/ 2024	89,01	FC - Factura Conformada	NATURGY IBERIA, S.A.	323	22102	CONSUMO GAS 13/02/2024 - 10/04/2024 631,00 KWH x 0,09702 EUR/KWH (CUPS ES0224050034772600FY Direccion PS OS

PRP2024/1421

Dáse conta de informe da Técnica de Administración Financeira en relación coa situación das Areas de Rexeneración e Renovación Urbanas a 31-12-2023 (ARRUS), no que se indica:

1. Comprobada a contabilidade do exercicio 2023 en relación as Áreas de Rexeneración e Renovación Urbanas (ARRUs) das distintas fases concedidas ao Concello de Vilagarcía.
2. Tendo en conta que os convenios bilaterais establecen unhas datas de inicio e finalización das ARRUs

INFORME:

1.- Primeiro: Descoñécese si existen expedientes das ARRUs tramitadas pola Oficina Técnica e que están pendentes de resolver polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e dos que non se teñan dado conta á Intervención Municipal para a súa adxudicación.

2. Segundo: Descoñécese si se solicitaron ampliacións das actuais ARRUs ou se solicitaron novas ARRUs. Consultado ao Arquitecto Municipal indícame que pensa que só existe unha ampliación de prazo.

3. Terceiro: A situación das ARRUs a 31 de decembro de 2023 é a seguinte:

Descrición	Créditos Consignados	Créditos Gastados	Créditos Disponibles	Dispoñible de Remanente	SITUACIÓN A 31-12-2023 SEGUNDO A CONTABILIDADE
ARRU EQUIPO TECNICO	0,00	0,00	0,00	0,00	AGOTADO NO EJERCICIO 2020
ARRU CARRIL 7ª FASE	4.049,61	0,00	4.049,61	0,00	NON FORON INCORPORADAS A 2023
ARRU VILAXOAN 7ª FASE	48.369,69	0,00	48.369,69	0,00	NON FORON INCORPORADAS A 2023
ARRU CASCO VELLO 4ª FASE	48.049,44	0,00	48.049,44	0,00	NON FORON INCORPORADAS A 2023
ARRU VILAXOAN 8ª FASE	59.665,29	0,00	59.665,29	59.665,29	FINALIZADOS 31-12-2022 DESCOÑECESE SI HAI ADDENDA SOLICITADA E/OU CONCEDIDA
ARRU CASCO VELLO 5ª FASE	64.877,15	0,00	64.877,15	64.877,15	FINALIZADOS 31-12-2022 DESCOÑECESE SI HAI ADDENDA SOLICITADA E/OU CONCEDIDA
ARRU CARRIL 8ª FASE	53.744,60	0,00	53.744,60	53.744,60	FINALIZADOS 31-12-2022 DESCOÑECESE SI HAI ADDENDA SOLICITADA E/OU CONCEDIDA
ARRU REURBANIZACIÓN	3.150,00	0,00	3.150,00	3.150,00	FINALIZADOS 31-12-2022 DESCOÑECESE SI HAI ADDENDA SOLICITADA E/OU CONCEDIDA
ARRU VILAXOAN 9ª FASE	54.998,82	7.897,50	47.101,32	47.101,32	FINALIZADOS 25-10-2023 DESCOÑECESE SI HAI ADDENDA SOLICITADA E/OU CONCEDIDA
ARRU CARRIL 9ª FASE	34.092,28	0,00	34.092,28	34.092,28	FINALIZADOS 25-10-2023 DESCOÑECESE SI HAI ADDENDA SOLICITADA E/OU CONCEDIDA
ARRU CASCO VELLO 6ª FASE	54.998,82	0,00	54.998,82	54.998,82	FINALIZADOS 25-10-2023 DESCOÑECESE SI HAI ADDENDA SOLICITADA E/OU CONCEDIDA

O que se pon de manifesto aos efectos de dar conta a esta Intervención de operacións tramitadas ante o IGVS que poidan estar pendentes de aprobación por este organismo pero estean informadas favorablemente polo Arquitecto Municipal, así como para comunicar a posibilidade de existencia de ampliación de prazos nos convenios existentes ou solicitude de novas ARRUs.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.